



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA CATRO DE DECEMBRO DE 2020**

**ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

**CONCELLEIROS/AS:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D<sup>a</sup> Beatriz Louro López.

**Non asisten e se escusan:**

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

**SECRETARIO - INTERVENTOR :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 4 de decembro de 2020, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

**1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 2 DE OUTBURO E 26 DE NOVEMBRO DE 2020.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere formular



algunha observación ao borrador das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

## **2. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

*“PROPOSTA AO PLENO*

*DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.*

*Vistas as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña e publicadas no BOP nº 214, de data 8 de novembro de 2018, e considerando que co presente este acordo acadarase unha maior axilidade e eficacia administrativas na recadación en vía executiva.*

*De conformidade coa base 9ª das bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia da Deputación Provincial da Coruña, e co artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

*1.- Delegar na Deputación Provincial da Coruña a seguinte competencia:*

*Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.*

*O exercicio das competencias delegadas levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia e nas Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña.*

*2.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles a partir da data de publicación, para a presentación de alegacións, que serán resoltas polo Pleno do Concello. De non presentarse ningunha, este acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.*

*Mesía, 1 de decembro de 2020. Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde.”*

Manifesta o Sr. Alcalde que trátase de acadar maior axilidade e eficacia na recadación dos ingresos que non se cobran en período voluntario, xa que a Deputación ten máis medios e moitas veces nós non teríamos máis remedio que xudicializar o expediente. Non temos a obrigatoriedade de utilizar esta vía, pero podería ter efecto disuasorio. Utilizaríase sobre todo nos casos de limpeza de fincas de propietarios descoñecidos ou que non recollen as notificacións, para que o concello compense o gasto que ten que efectuar cando executa subsidiariamente.



Manifesta a Sra. Louro que non ten problema e votar a favor.

Manifesta o Sr. López que o ve ben, aínda que a Deputación non coñece mellor que nós aos veciños, pero si pode facer máis presión.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

### 3. MOCIÓNS.

De seguido o Sr. Alcalde sinala que o Bloque Nacionalista Galego presentou unha moción dende que se convocou o Pleno, polo que temos que votar a urxencia. Sería bo que as mocións que non sexan urxentes se meteran antes da convocatoria do pleno por rexistro de entrada para que todos os concelleiros poidan coñecela con antelación e non desvirtuar o sistema. A moción versa sobre solicitar a quen proceda a conexión de Visantoña coa autopista AP9.

O Sr. Alcalde somete a urxencia da moción a votación A unanimidade é apreciada por unanimidade dos concelleiros presentes.

De seguido o Sr. Alcalde pásalle a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

#### **“MOCIÓN PARA CONEXIÓN DE VISANTOÑA COA AP9**

*O grupo municipal do BNG de Mesía presenta para o seu debate en Pleno a seguinte moción:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Unha vella demanda da veciñanza de Visantoña e doutros núcleos próximos é o establecemento dunha conexión de Visantoña co autopista do Atlántico, AP9. A xente de Visantoña e doutros núcleos de Mesía vería así diminuído o seu tempo de desprazamento ás cidades e serviría para o mesmo a outros puntos de concellos limítrofes ou próximos ao noso.*

*Probablemente, non sexa excesivamente elevado o investimento e sería, porén, unha obra moi estimada pola veciñanza.*

*Por todo o cal, o BNG propón ao pleno da corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**O Concello de Mesía dirixirase á Administración ou Administracións que corresponda para que a conexión de Visantoña coa AP9 se avalíe economicamente para a súa inclusión en vindeiros orzamentos.**

*Mesía, 1 de decembro de 2020. Beatríz Louro López, portavoz do Grupo Municipal do BNG.*

#### **SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA”**

Manifesta a Sra. Louro que intentaremos meter con antelación as mocións que non sexan



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000009

urxentes. A moción que estamos a tratar, tal como se recolle na mesma, recolle unha vella demanda da xente, que entendemos non sería moi custosa e beneficiaría moito ao concello tanto porque facilitaría a visita a Mesía e traería xente, como porque tamén facilitaría a saída aos que ten que ir a traballar fora.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que todos estamos de acordo coa proposta, de feito xa se fixo a solicitude fai anos, de forma conxunta cos concellos de Abegondo, Cerceda e Ordes, pero non tivo éxito. Si lles parece falo eu cos alcaldes destes concellos e facemos novamente unha solicitude conxunta, que terá máis forza que a nosa sola.

Pregunta a Sra. Louro polo interese dos outros concellos, sinalando o Sr. Alcalde que é pola proximidade do Mesón do Vento con Cerceda e Ordes e que Abegondo limita con Visantofña.

Acórdase entre os concelleiros presentes que o alcalde fale cos outros concellos interesados aos efectos de facer unha proposta conxunta á Consellería competente. En caso de que non se acade un acordo cos outros concellos, a solicitude a realizará o concello de Mesía pola súa conta.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

## 4. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (306/2020 A 408/2020).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACIÓN DECRETOS DO 306 Ó 408 DO ANO 2020			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
306	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión plenaria ordinaria 7/2020 do 02/10/20	29/09/2020
307	Economía e facenda	Execución do gasto 29/09/2020. Facturas.	29/09/2020
308	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL ordinaria 16/2020 do 02/10/2020	30/09/2020
309	Servizos sociais	Baixa usuario SAF libre concorrencia	30/09/2020
310	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	30/09/2020
311	Cultura	Aprobación conta xustificativa subvención dotación de novidades editoriais en galego	01/10/2020
312	Economía e facenda	Xeneración de crédito 14-2020. Subvención Xunta para Ampliación do Local Social de Bascoi.	01/10/2020
313	Obras e urbanismo	Solicitude inclusion actuación no Plan de infraestruturas rurais 2020	01/10/2020
314	Acción veciñal	Adhesión Programa PEL-REACTIVA	02/10/2020
315	Economía e facenda	Transferencia de crédito 04/20. Aportación concello ao Programa financiado pola Deputación Provincial denominada PEL-REACTIVA.	02/10/2020
316	Cultura	Aprobación conta xustificativa subvención Xacobeo 21:Cultura no camiño +	05/10/2020
317	Cultura	Corrección erro material Decreto 316/2020	05/10/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000009

RELACIÓN DECRETOS DO 306 Ó 408 DO ANO 2020			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
318	Acción veciñal	Concesión axuda nacemento filla Valentina o 14/09/20	07/10/2020
319	Acción veciñal	Concesión axuda nacemento filla Valeria o 24/09/20	07/10/2020
320	Economía e facenda	Execución do gasto 07/10/2020	07/10/2020
321	Economía e facenda	Tranferencia de crédito 05/2020. Comisións bancos.	08/10/2020
322	Economía e facenda	Execución do gasto 0/10/2020	08/10/2020
323	Secretaría	SUSPENSIÓN TEMPORAL DE ORDES DE CESE TOTAL DE ACTIVIDADE E DE CORTE DE SUBMINISTROS (Procedemento de execución de títulos xudiciais ETJ 17/2019).	09/10/2020
324	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL 17/2020 do 16/10/2020	14/10/2020
325	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	15/10/2020
326	Economía e facenda	Execución do gasto 16/10/2020	16/10/2020
327	Cultura	Aprobación conta xustificativa subvención Ler conta moito 2020	19/10/2020
328	Obras e Urbanismo	Aprobación certificación nº 1 obra "Camiño do Marco a Picoi (Cabruí) e outros". Expte. C02/2020	19/10/2020
329	Obras e Urbanismo	Aprobación certificación nº 1 obra "Camiño de Pereira a Campo das Cruces (Albixoi) e outros". Expte. C06/2020	19/10/2020
330	Secretaría	Nomeamento de Secretaria accidental	19/10/2020
331	Padrón Municipal de Habitantes	Baixa de oficio de D. Luis Cabado Barral	19/10/2020
332	Contratación	Adxudicación contrato menor Elaboración PACES do Concello de Mesía	20/10/2020
333	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	21/10/2020
334	Servizos sociais	Baixa usuario SAF libre concorrencia	21/10/2020
335	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	21/10/2020
336	Economía e facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar, mes setembro 2020	22/10/2020
337	Facenda municipal	Cambio de titularidade no Padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal	22/10/2020
338	Facenda municipal	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios	23/10/2020
339	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	26/10/2020
340	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión Xunta de Goberno Local 18/2020 do 29/10/2020	27/10/2020
341	Servizos sociais	Baixa definitiva usuaria no SAF municipal	28/10/2020
342	Servizos sociais	Baixa usuaria no SAF municipal	28/10/2020
343	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola Recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2021	28/10/2020
344	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola Recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2021	28/10/2020
345	Economía e facenda	Execución do gasto 29/10/2020. NÓMINAS MES OUTUBRO 2020.	29/10/2020
346	Economía e facenda	Xeración de crédito 15-2020. Subvención Deputación Programa PEL-REACTIVA.	29/10/2020
347	Cultura	Acordo adhesión ao convenio para a renovación da integración na Rede de Bibliotecas de Galicia	29/10/2020
348	Economía e facenda	Xeración de crédito 16-2020. Subvención Xunta para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico.	29/10/2020
349	Economía e facenda	Xeración de crédito 17-2020. Subvención Xunta para a mellora das coleccións bibliográficas.	29/10/2020
350	Servizos sociais	Baixa usuario SAF municipal	02/11/2020
351	Servizos sociais	Baixa usuaria SAF municipal	02/11/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000009

RELACIÓN DECRETOS DO 306 Ó 408 DO ANO 2020			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
352	Acción veciñal	Bases e convocatoria axudas PEL-REACTIVA	02/11/2020
353	Facenda municipal	Cambio titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios 2021	02/11/2020
354	Contratación	Aprobación certificación 1-final da obra "Camiño na Carballeira (Albixoi) e outros. Expte. C04/2020	03/11/2020
355	Contratación	Aprobación certificación 1-final da obra "Camiño de AC-223 Ás Pererías (Albixoi) e outros. Expte. C05/2020	03/11/2020
356	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por Cambio de Residencia no Padrón Municipal de Habitantes.	03/11/2020
357	Economía e facenda	Execución do gasto 03/11/2020	03/11/2020
358	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por Cambio de Residencia no Padrón Municipal de Habitantes.	03/11/2020
359	Facenda municipal	Cambio titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios 2021	04/11/2020
360	Contratación	Adxudicación contrato menor obra "Ampliación local social de Bascoi"	05/11/2020
361	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por nacemento no Padrón Municipal de Habitantes	05/11/2020
362	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por Cambio de Residencia no Padrón Municipal de Habitantes	05/11/2020
363	Obras e urbanismo	Aprobación conta xustificativa subvención infraestruturas turísticas_Colocación varanda seguridade Brañas da Valga	06/11/2020
364	Persoal	Solicitud subvención aedl 2020	06/11/2020
365	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por Cambio de Residencia no Padrón Municipal de Habitantes	09/11/2020
366	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por nacemento no Padrón Municipal de Habitantes.	10/11/2020
367	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL 19/2020 do 12/11/2020	10/11/2020
368	Economía e facenda	Execución do gasto 11/11/2020	11/11/2020
369	Intervención e facenda municipal	Aprobación do padrón de auga, saneamento e canón da auga do 3º ttre. 2020	11/11/2020
370	Economía e facenda	Aprobación liquidación taxa Punto de atención á infancia mes setembro 2020	11/11/2020
371	Economía e facenda	Aprobación liquidación taxa Punto de atención á infancia mes outubro 2020	11/11/2020
372	Cultura	Aprobación conta xustificativa subvención extraordinaria dotación novidades editoriais en galego	11/11/2020
373	Facenda municipal	Cambio titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios 2021	11/11/2020
374	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por nacemento no Padrón Municipal de Habitantes	11/11/2020
375	Facenda municipal	Cambio titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios 2021	12/11/2020
376	Facenda municipal	Cambio titular no Padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal	12/11/2020
377	Economía e facenda	Execución do gasto 12/11/2020	12/11/2020
378	Economía e facenda	Execución do gasto 13/11/2020	13/11/2020
379	Facenda municipal	Cambio titular no Padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal	13/11/2020
380	Contratación	Adxudicación do contrato da obra denominada "Camiño en Soutelo a Mesía (Olas)". POS+Adicional 2/2020. Expte. C09/2020	13/11/2020
381	Economía e facenda	Execución do gasto 16/11/2020	16/11/2020
382	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por nacemento no Padrón Municipal de Habitantes	16/11/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000009

RELACIÓN DECRETOS DO 306 Ó 408 DO ANO 2020			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
383	Servizos sociais	Adhesión ao programa de teleasistencia domiciliar da Deputación Provincial da Coruña	16/11/2020
384	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por nacemento no Padrón Municipal de Habitantes	16/11/2020
385	Servizos sociais	Alta usuaria programa axuda de alimentos	16/11/2020
386	Servizos sociais	Alta usuaria programa axuda de alimentos	16/11/2020
387	Servizos sociais	Baixa usuaria programa axuda de alimentos	16/11/2020
388	Cultura	Aprobación conta xustificativa subvención extraordinaria mellora coleccións bibliográficas	16/11/2020
389	Economía e facenda	Execución do gasto 17/11/2020	17/11/2020
390	Contratación	Adxudicación contrato menor de servizos proxecto "Espazo das familias"	17/11/2020
391	Acción veciñal	Concesión axuda nacemento filla Aitana nada o 30-10-20	17/11/2020
392	Acción veciñal	Concesión axuda nacemento fillo Izán nado o 06-11-20	17/11/2020
393	Padrón Municipal de Habitantes	Alta no Padrón Municipal de Habitantes por Cambio de Residencia	17/11/2020
394	Padrón Municipal de Habitantes	Alta no Padrón Municipal de Habitantes por Cambio de Residencia	18/11/2020
395	Economía e Facenda	Xeneración de crédito 18/2020. Subvención Deputación para gastos sociais extraordinarios COVID-19.	18/11/2020
396	Economía e facenda	Aprobación liquidacións servizos PAI novembro 2020	18/11/2020
397	Acción veciñal	Concesión axuda nacemento filla Noa o 07/11/20	19/11/2020
398	Contratación	Aprobación cert. 2-final obra "Camiño do Marco a Picoi (Cabruí) e outros". POS +Adicional 1/2020	20/11/2020
399	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2021	23/11/2020
400	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión pleno extraordinario 08/2020 do 26/11/2020	23/11/2020
401	Economía e facenda	Execución do gasto 24/11/2020	24/11/2020
402	Economía e facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes outubro 2020	24/11/2020
403	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión Xunta de Goberno Local 20/2020 do 26/11/2020	24/11/2020
404	Economía e facenda	Execución do gasto 26/11/2020	26/11/2020
405	Economía e facenda	Execución do gasto 27/11/2020	27/11/2020
406	Subvencións	Aprobación conta xustificativa subvención "Elaboración PACES do Concello de Mesía"	30/11/2020
407	Economía e facenda	Execución do gasto. Nóminas novembro 2020	30/11/2020
408	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2021	01/12/2020

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

## 5. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 16 DE SETEMBRO, 2, 16 E 29 DE OUTUBRO E 12 DE NOVEMBRO DE 2020.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

## 6. ROGOS E PREGUNTAS.

Manifesta o Sra. Louro que ten dous rogos. O primeiro relativo a que se adopten medidas de supresión ou redución de taxas e impostos municipais para compensar as perdas xeradas pola crise do covid na actividade económica municipal, como por exemplo os recibos do servizo de auga ou de lixo na hostalería, tratando así de axudar ás actividades que máis sufriron a crise. O segundo é relativo á retirada de residuos na Fraga de Areosa, xa que recentemente, por decreto da Xunta de Galicia, inscribiuse a mesma no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, co que se destaca o seu valor ambiental e forestal, pero encóntrase como un vertedoiro incontrolado, cheo de electrodomésticos e incluso con risco de contaminación de auga, tal como sinalou no seu día o diario "La Voz de Galicia". Tendo en conta que se coñece dende fai xa tempo esta situación, cómo é posible que siga así, que non se persiga e multe aos infractores e non se estableza un sistema de vixilancia para evitar este tipo de actuacións.

Resposta o Sr. Alcalde que a data de hoxe a Fraga encóntrase pulcra e inmaculada, precisamente a Xunta de Galicia deu fai pouco unha subvención para limpala. Os residuos están noutra finca que non é propiedade municipal, que é propiedade privada, pero en todo caso non hai un vertedoiro incontrolado alá. Non obstante o miraremos, aínda que será imposible establecer un sistema de vixilancia nunha superficie de cento sete quilómetros cadrados.

Pide a palabra a Sra. Sánchez, quen manifesta que a noticia que sinala a Sra. Louro saíu na sección de cartas ao director do diario "La Voz de Galicia". Houbese sido máis sinxelo que quen escribiu a carta se houbera dirixido ao concello para solucionar o tema.

Manifesta a Sra. Louro que, sexa de quen sexa, dende que se fixo público, debe limparse a finca, buscar ao infractor, multarlle e concienciar á xente para que non teña este tipo de comportamentos. Hai outros casos similares no concello, incluso en zonas de fontes. Trátase dun asunto de saúde pública.

Sinala o Sr. Alcalde que hai contenedores de todas clases repartidos razoablemente por todo o concello, así como o punto limpo. Como lle dixen antes, non temos medios para establecer un sistema de vixilancia no noso concello.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo, en relación co primeiro rogo, que a auga só se paga por consumo, non hai cota fixa, e o recibo de lixo debe ser o máis baixo da provincia. Se alguén considera que non pagar o recibo do lixo ou da auga pode paliar as perdas dunha actividade, podemos analízalo, pero coído que os vai sacar de moi pouco.

De seguido, o Sr. Alcalde pásalle a palabra ao Sr. López por se quere facer algún rogo ou pregunta.

Manifesta o Sr. López que, en relación co asunto dos residuos da Fraga, tendo en conta que fai tanto tempo que se publicou e se sabía, tiña xa que terse notificado ao propietario da finca e intentar sacar os residuos, aínda que non sexa propiedade municipal.

Manifesta o Sr. Alcalde que moitas veces os donos son tamén as vítimas, porque non están aí e quen pasa pola pista sábeo e descarga os residuos. En todo caso aínda que xa todo o





## CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000009

mundo sabe o que ten que facer, estudaremos concienciar á xente cunha campaña de sensibilización.

Engade o Sr. Alcalde que como seguramente non haberá máis plenos este ano, aproveito para felicitarlles as festas e que as disfruten con saúde, o que é correspondido polos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,  
O alcalde,  
D. Mariano Iglesias Castro.